



ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE BUEU PARA A EXECUCIÓN E MANTENIMENTO DE VARIAS CANALIZACIONES DE ENTRONQUE COAS REDES EXISTENTES DE AUGAS FÉCAIS E PLUVIAIS NO PORTO DE BUEU

En Santiago de Compostela, a **21 XUÑ. 2012**

REUNIDOS

Dunha parte, o Sr. José Juan Durán Hermida, presidente do ente público Portos de Galicia, con domicilio a efectos deste convenio na Praza de Europa, núm. 5A, 6º, de Santiago de Compostela, actuando en nome e representación deste en virtude das facultades que a tal efecto lle confieren os artigos 6.3g) da Lei 5/1994, de 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia e o artigo 9h) do Decreto 227/1995 polo que se aproba o regulamento do ente.

Doutra parte, o Sr. Felix Juncal Novas, alcalde-presidente do Concello de Bueu, con domicilio aos efectos deste convenio na Rúa Eduardo Vicenti, nº 8, Bueu (Pontevedra), facultado para este acto en virtude das competencias que lle recoñecen os artigos 21.I.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o 61-1º a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo , de Administración Local de Galicia.

EXPOÑEN

Primeiro.- Con data 22 de decembro de 2009, asinouse o convenio de colaboración para a execución e mantemento de varias canalizacións de

galicia



entronque coas redes existentes de augas fecais e pluviais no porto de Bueu.

Segundo.- En data 2 de maio asinase a acta da comisión de seguimento do convenio de colaboración formalizado entre Portos de Galicia e o Concello de Bueu para a execución e mantemento de varias canalizacións de entronque coas redes existentes de augas fecais e pluviais no porto de Bueu.

Na mesma, reunidos os vocais da comisión de seguimento, en xuntanza extraordinaria convocada polos vocais nomeados polo Concello de Bueu, con motivo da proposta dun novo trazado para a evacuación das agás pluviais segundo plano adxunto, e que implica as seguintes modificacións:

-Sustitución da tubería de 315 mm de diámetro por outras de maior capacidade. Unha de 600 mm dará saída as augas pluviais da urbanización Massó e outra de 800 mm dará saída as augas pluviais da rua de Xoán Carballeira. Ambas entroncaran nunha tubería de diámetro 1.000 mm , sendo este o ultimo tramo.

-Creación dun novo punto de vertido de augas pluviais entre o muro do varadoiro e o pantalán para embarcacións deportivas.

En definitiva, a presente addenda convenio suporá un efecto positivo tanto para o propio porto, coma tamén para o seu contorno urbano inmediato, e ambas partes acordan formalizar a presente addenda ao convenio na que se reflictan os cambios descritos.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Esta Addenda entrara en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura, estendendo a súa vixencia por tempo indefinido, sen prexuízo de que Portos de Galicia poida desistir e abocar para si as instalacións en



calquera momento, outorgando un prazo mínimo de trinta e seis meses para a liquidación e efectividade da mesma. Así mesmo, o Concello de Bueu poderá desistir cun aviso previo mínimo de trinta e seis meses de antelación.

SEGUNDA.- Os bens de dominio publico portuario adscritos a Comunidade Autónoma de Galicia afectados pola actuación autorizada manterán esa condición, e ditas obras incorporaranse a dito dominio, continuando polo tanto Portos de Galicia exercendo as competencias sobre o mesmo que establece a lexislación vixente nesta materia, sen prexuízo do indicado nas condicións seguintes.

Previamente ao inicio das obras, o Concello de Bueu deberá acreditar fehacentemente que asume as obrigas do referido convenio, e de que dispón do crédito orzamentario, propio ou, habida conta do réxime especial de execución das obras seguido na Xunta de Galicia, por vía de transferencias a Comunidade Autónoma, para a completa execución das obras do referido convenio.

O Concello entregara a propiedade de todas as obras á Portos de Galicia (sen prexuízo da autorización ínsita na Addenda para a xestión, mantemento das obras e demais obrigas estipuladas tanto no convenio inicial como nesta Addenda)

As obras a efectuar en cumprimento deste pacto non poderán condicionar a normal explotación portuaria.

O Concello farase responsable da correcta execución das obras autorizadas, así como da súa conservación, limpeza e reposición.

O ente Publico Portos de Galicia non será responsable en absoluto de calquera dano ás persoas ou cousas que poidan producirse como consecuencia das obras autorizadas.



Calquera modificación na actuación a levar a cabo, así como a execución de obras non contempladas na documentación achegada polo concello, requirirá a previa autorización de Portos de Galicia.

As obras executaranse baixo a vixilancia e supervisión do Xefe de Zona Sur de Portos de Galicia, por canto as competencias deste ente publico se refire.

A autorización condicionase a posible modificación das características e dimensíons das instalacións portuarias, de maneira que, no caso de que as mesmas se ampliaran ou modificaran e por Portos de Galicia se considerase necesario modificar as características da actuación, as obras necesarias serán executadas e abonadas polo peticionario, seguindo en todo momento as directrices do ente publico.

Unha vez rematadas as obras, o peticionario deberá remitir a zoan Sur de Portos de Galicia planos topográficos coa situación exacta das obras realizadas.

O cumprimento das condicións anteriores será requisito imprescindible para a validez da autorización.

TERCEIRA.- O incumprimento de calquera das obrigas contraídas pola presente Addenda ao convenio por unha das partes facultará á outra para interromper este.


A presente addenda ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran suscitarse como consecuencia da mesma.

CUARTA. Para o addenda manterase a mesma Comisión de Seguimento designada para o convenio asinado o día 22 de decembro de 2009.

QUINTA.- Esta addenda queda suxeita ás mesmas condicións e efectos, liquidación e demais termos, que as pactadas no convenio de colaboración inicial do que trae causa.

Para cumprimentar a presente addenda en todas as súas partes subscríbese por triplicado exemplar, no lugar e data ao principio indicados.

O PRESIDENTE DO
ENTE PUBLICO PORTOS DE GALICIA



José Juan Durán Hermida

O ALCALDE-PRESIDENTE
DO CONCELLO DE BUEU

